

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/11  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIO  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 27 de xuño de 2007.

---

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as once horas do día **27 de xuño de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en SESION ORGANIZATIVA da nova Corporación Municipal resultante das Eleccións Municipais celebradas o pasado 27 de maio de 2007.

### Presidente

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

### Concelleiros presentes na sesión:

#### B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

#### P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
Dona Begoña Sanjurjo Santar  
D.Jesús López Penabad

#### PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.  
D. Carlos Pérez Méndez.  
Dona María José Rodríguez Arca

#### U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez  
D.Agustín Reymondez Gancedo.

### Secretario Xeral:

D.Manuel J.Díaz Sánchez.

### Interventora:

Dona María José Vázquez Rigueira.

Comprobado pola Secretaría Municipal que asisten a totalidade dos Concelleiros e polo tanto existe o quorum requerido, procédese a declarar aberto o acto pola Presidencia para levar a cabo a sesión organizativa, de conformidade co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Por parte do Sr.Alcalde antes de comezar o tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día manifesta que este é o primeiro Pleno dun novo mandato da Corporación Municipal de Ribadeo e que quere felicitar a todos os Concelleiros por ser representantes do pobo cada un dende a súa formación política respectiva e dende a concepción política de cada un, e que entende todas lexítimas e que agardan que durante este mandato poidan chegar a acordos sempre da mellor maneira, co interese xeral de Ribadeo, e que sexa a mesa da sesión de Plenos unha mesa de diálogo para chegar a puntos de acordo e de encontro.

Manifesta asimesmo o Sr.Alcalde que da as grazas ao público por ter vido a esta sesión plenaria , e que nos últimos anos foi cada vez máis notable a presenza, que considera que é positivo que se asista e se poida saber de primeira man os asuntos municipais que aquí se tratan e presenciar os concelleiros.

Igualmente polo Sr.Alcalde , dirixíndose aos Concelleiros , faise a proposta de que para facilitar a redacción da acta desta sesión e de todas as demais, se efectúe un resumo de xeito sucinto das intervencións, sen coartar dende logo ningún dereito de expresión , e quen o desexe que pida que conste íntegramente e que o diga ao principio , e se terá en conta, e que nembargantes todos os Plenos están sendo grabados e van seguir sendo para poder reproducilo no seu momento, se se precisara o contido exacto, pero que pensa que é boa cousa voltar ao sistema orixinario e facelo de xeito sucinto, sen prexuízo de que conste en acta o que alguén en concreto queira que figure.

#### **2007/01/34.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE 16 DE XUÑO DE 2007.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias do borrador da acta correspondente á sesión de data 16 de xuño de 2007, extraordinaria, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Por unanimidade dos membros da Corporación , procédese á aprobación da acta de referencia sen emenda ou adición algunha.

#### **2007/02/35.- INFORME DA ALCALDIA SOBRE CONSTITUCION DE GRUPOS MUNICIPAIS E DECRETOS RELATIVOS A COMPOSICION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACION DE ATRIBUCIÓNS EN TENENTES DE ALCALDE E DELEGACION DE COMPETENCIAS DA ALCALDIA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Por parte do Sr.Alcalde dáse conta ao Pleno dos escritos dirixidos polos Grupos Municipais que constitúen a Corporación que teñen formalizada a súa constitución e nomeamento de voceiro.

Pola Alcaldía-Presidencia dáse conta, de seguido ao Pleno Municipal dos Decretos que se transcriben de seguido:

#### **DECRETO DE COMPOSICION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

Resultando, que o pasado 16 de xuño de 2007 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais levadas a cabo o 27 de maio de 2007.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro).

#### **RESOLVO:**

1º A Xunta de Goberno, baixo a Presidencia do Alcalde, estará composta polos Concelleiros seguintes:

Dona Maria Luz Alvarez Lastra.

D.Vicente Castro Reigosa.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez.

2º Dar conta desta resolución ó Pleno na primeira sesión que celebre e publicar a mesma no BOP.”

#### **DECRETO DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.-**

Resultando, que o pasado 16 de xuño de 2007 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais levadas a cabo o 27 de maio de 2007..

Visto o disposto nos artigos 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, 62 e 63 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e 46 do Regulamento de Organización,Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro).

#### **RESOLVO:**

1º Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde Dona Mari Luz Alvarez Lastra.

Segundo Tenente de Alcalde D.Vicente Castro Reigosa.

Terceiro Tenente de Alcalde D. Horacio Cupeiro Rodríguez.

2º Dar conta destes nomeamentos ó Pleno na primeira sesión que celebre e publicar esta Resolución no BOP.”

#### **DECRETO DE DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS EN TENENTES DE ALCALDE E CONCELLEIROS.-**

Resultando, que o pasado 16 de xuño de 2007 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais levadas a cabo o 27 de maio de 2007.

Considerando, que con esta mesma data se procedeu ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

Considerando, que o réxime local vixente establece a posibilidade de delegación por parte da Alcaldía de certas atribucións en Tenentes de Alcalde e calquera outro Concelleiro aínda que non pertenza á Xunta de Goberno Local,

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das E.Locais (RD 2568/1986, de 28 de novembro), e consonte co mesmo,

**RESOLVO:**

1º. Delegar as seguintes atribucións nos Tenentes de Alcalde e Concelleiros que se citan:

Primeiro Tenente de Alcalde Dona Mari Luz Alvarez Lastra, Muller, Cultura e Educación.

Segundo Tenente de Alcalde D. Vicente Castro Reigosa, Xuventude, Deportes, Economía e Facenda.

Terceiro Tenente de Alcalde D. Horacio Cupeiro Rodríguez, Medio Rural, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible,

2º. As devanditas delegacións teñen o seguinte alcance:

a) As delegacións de atribucións en Tenentes de Alcalde, como delegacións de firma, abranguen a dirección interna e xestión dos diferentes servizos con facultades resolutorias e a autorización do gasto se efectuará previa proposta de gasto á Xunta de Goberno Local, agás casos de urxencia xustificada en que se aprobará pola Alcaldía.

3º Dar conta destes nomeamentos ó Pleno na primeira sesión que celebre e publicar esta Resolución no BOP.”

**“DECRETO DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

Resultando, que o pasado 16 de xuño de 2007 quedou constituída a nova Corporación Municipal como consecuencia das eleccións locais do 27 de maio de 2007.

Considerando, que con esta mesma data quedan designado-los membros integrantes da Xunta de Goberno Local.

Considerando, que o vixente réxime local recolle a posibilidade de delegación de certas atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local,

Visto o disposto nos artigos 21.3) da Lei 7/1985, de 2 de abril e 65 2. b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

**RESOLVO:**

1º.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

-Outorgamento de licencias urbanísticas para os actos de edificación, uso do solo ou subsolo segundo a numeración recollida no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, artigo 10 do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro para o desenvolvemento da Lei do solo de Galicia e disposicións concordantes do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ribadeo; así como o outorgamento das licencias de actividades reguladas (suxeitas ao RAMINP) e inócuas agás que por razóns de urxencia e interese público se avoque a competencia delegada cando non sexa posible a realización de Xunta de Goberno Local e co fin de cumprir co disposto no artigo 196. 2 da citada Lei 9/2002.

-Liquidacións tributarias derivadas do outorgamento das anteriores licencias urbanísticas.

-Asuntos derivados da xestión, inspección e recadación tanto de tributos como de prezos públicos e derivados de contraídos previos e ingresos por recibo.

2º. Dar conta destas delegacións ó Pleno do Concello e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebren e facer pública esta Resolución mediante anuncio no BOP.”

Por parte do Sr. Alcalde explícase ao Pleno que no que atinxe ás delegacións na Xunta de Goberno Local son as mesmas que no mandato anterior e que quere dar conta ao Pleno desta circunstancia.

Pide intervir o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que solicita facer unha aclaración, sinalando que lle alega moito que o discurso oficial da Alcaldía fora ofrecendo diálogo e ofrecendo acordos pero ten que dicir xa que vai dar lugar ao que vai suceder nalgúns puntos seguintes que esa vontade expresada de palabra non corresponde coa realidade das cousas e que o Sr. Alcalde sabe que se lle fixo unha proposta para que poideran aprobarse os asuntos dun xeito practicamente unánime e polo menos que no tivese ningunha dificultade en ningún deles e que o Grupo Popular ten que lamentar que o Alcalde non aceptara en ningún sentido esa proposta, ningunha das dúas propostas que lle fixeron, fundamentalmente as relativas á composición da Xunta de Goberno Local e que queren explicala, que non é cuestión de votar, pero que manifestan o ser rexeitamento a esa composición, e que non era o único grupo que lle propoñía unha conformación distinta dese Organo.

O Sr. Alcalde resposta que dentro das facultades da Alcaldía e con arranxo á lexislación vixente a composición da Xunta de Goberno Local so pode ter un máximo dun tercio dos membros legais da Corporación e polo tanto cinco, e agora mesmo hai catro, o Alcalde e tres Concelleiros que coinciden cos tres Tenentes de Alcalde e queda unha praza vacante que se pode cubrir ou non pero que en principio non se xulgou necesario cubri-la e que é perfectamente lexítimo e perfectamente legal e para o futuro se pode ter en conta e non ten que dicir nada máis sobre este aspecto informativo.

### 2007/03/36.-REXIME DE SESIONS DO PLENOS

Por parte da Alcaldía dáse conta da Proposta que se transcribe de seguido:

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.

Visto o réxime de sesións do Concello Pleno establecido no artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril modificado pola Lei 11/1999 de 21 de abril,

#### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

1.O Concello Pleno celebrará sesións ordinarias cada dous meses **coincidindo co segundo luns dos meses que corresponda**. Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se poidera celebrar-la sesión por causa xustificada a mesma celebrárase o inmediato día hábil.

2.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía,

da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999 de 21 de abril modificadora da mesma.  
O horario das sesións será ás 20 horas todo o ano.

A primeira sesión ordinaria celebrarase o vindeiro Luns 9 de xullo de 2007.”

Por parte do Sr.Alcalde sinálase que a proposta é un calco da que se aprobou ao principio do mandato da Corporación saínte e tamén da do primeiro Pleno do ano 1999.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez, portavoz do Grupo Municipal da UPRI que manifesta que a súa proposta e coincide co portavoz do Grupo Popular respecto á explicación que deu antes do diálogo que ofreceu o Sr.Alcalde , que cree que este é un dos puntos que se deberían consensuar e veu á sesión sen consensuar igual que o resto dos puntos , e que considera que tendo en conta que o equipo de goberno está en minoría a proposta de UPRI é que os Plenos se celebren cada mes , que era o que propoñían certos grupos que están agora na Corporación municipal cando estaban na oposición e que cree que este é o momento de tratar de integrar a todos nesa harmonía que decía o Sr.Alcalde no seu discurso de investidura.

O Sr.Rodriguez Andina portavoz do Grupo Municipal Popular manifesta que van apoiar a proposta da Alcaldía , por coherencia, porque foi o que se fixo no anterior mandato.

O Sr.Pérez Vacas, portavoz do Grupo Municipal Socialista dí tamén que van a votar no mesmo sentido da proposta da Alcaldía porque foi o que se fixo no anterior mandato.

Intervén o Sr.Alcalde a continuación que dí que leva aquí tres mandatos e que os Plenos ordinarios sempre foron cada dous meses e que en todo caso sempre por norma xeral non escrita hai asuntos de interese entre Plenos e que non hai ningún problema de convocatoria de Pleno extraordinario por parte da Alcaldía ou pola porcentaxe de Concelleiros que a lei establece que o poden solicitar, e que pensa que os lugares de encontro e de diálogo os vai a seguir habendo e se cadra moito mais que no pasado e que a proposta é a que teñen enriba da mesa.

Volta intervir o Sr.Rivas Alvarez portavoz do Grupo Municipal UPRI que manifesta que seguen mantendo a proposta dun Pleno mensual e que cree que a situación actual de minoría obriga a facer non Plenos extraordinarios senon Plenos ordinarios mensualmente e que aínda que se viñan celebrando bimestralmente , pero a situación actual non é a mesma dos últimos mandatos e que a situación dun goberno en minoría obriga a chegar a acordos puntuais e se debe chegar a eles nas sesións plenarias.

O Sr.Alcalde contéstalle que o tema está sustanciado e que a situación dun goberno en minoría non vai cambiar os asuntos que veñan na Orde do día, e que irán vindo e se irán convocando sesión extraordinarias e no seu caso ordinaria se o asunto coincide na época de celebración.

De seguido polo Sr.Alcalde pregúntase á Secretaría que procede votar primeiro, respóstándose por Secretaría que procedería a proposta do Grupo de UPRI.  
Pasada a votación a mesma obtén dous votos a favor (dos dous membros de UPRI) e once votos en contra (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP, e PSOE).

Pasada a votación a proposta da Alcaldía obtén once votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP e PSOE) e dous en contra (dos membros do Grupo Municipal da UPRI), aprobándose polo tanto polo Pleno municipal o réxime de sesións plenarias seguinte:

1.O Concello Pleno celebrará sesións ordinarias cada dous meses **coincidindo co segundo luns dos meses que corresponda**. Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se poidera celebrar-la sesión por causa xustificada a mesma celebrárase o inmediato día hábil.

2.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999 de 21 de abril modificadora da mesma.  
O horario das sesións será ás 20 horas todo o ano.

#### **2007/04/37.- REXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

dáse conta pola Alcaldía-Presidencia da proposta que se transcribe de seguido:

“Dado que o artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia establece que o réxime de sesións ordinarias da Comisión de Goberno será fixado polo Pleno da Corporación,

#### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria **o primeiro e terceiro martes de cada mes**.

Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se poidera celebrar-la sesión por causa xustificada a mesma celebrárase o inmediato día hábil.

O horario das sesións será para o todo o ano ás 20 horas.

A primeira sesión ordinaria celebrárase o vindeiro luns día 2 de xullo de 2007.”

Sen promoverse deliberación polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria **o primeiro e terceiro martes de cada mes**.

Para o caso de que as mencionadas datas coincidiran con día festivo ou non se poidera celebrar-la sesión por causa xustificada a mesma celebrárase o inmediato día hábil.

O horario das sesións será para o todo o ano ás 20 horas.

#### **2007/5/38.- CRIACION E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

dáse conta pola Alcaldía da proposta que se transcribe de seguido:

Visto o disposto nos artigos 20 c) da Lei 7/1985, modificada pola Lei 11/1999, 66 e ss. da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e 123 e ss. do R.O.F.

#### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo relativo á creación e composición das Comisións Informativas.

**1º. Comisións Informativas permanentes:**

- a) Facenda e Contas.
- b) Asuntos e Servizos Xerais
- c) Medio Rural, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- d) Turismo, Industria, Comercio e Emprego.
- b) Muller, Cultura, Educación, Xuventude, Deportes e Asuntos Sociais.
- c) Urbanismo e obras.

**2º. Composición das Comisións:** BNG, 2 membros, Partido Popular, 2 membros, PSG-PSOE 2 membros, UPRI 1 membro.

3º. Solicitar aos portavoces dos diferentes grupos para que mediante escrito dirixido a esta Alcaldía e no prazo de cinco días hábiles sinalen os Concelleiros que adscriben a cada unha das Comisións así como os seus suplentes.

4º. A Comisión informativa celebrará sesión ordinaria de xeito previo ás sesións da mesma natureza do Concello Pleno e coa anticipación regulamentariamente esixida; as sesións extraordinarias serán do mesmo xeito previas ás da mesma natureza do Concello Pleno ou cando sexan convocadas polo Alcalde-Presidente ou solicitadas pola cuarta parte dos membros da Corporación.”

Por parte do Sr. Alcalde manifestase que neste punto se incrementa en dúas o número de Comisións e se establecen cambios no que atinxe á composición que terá o BNG, 2 membros, 2 o PP, 2 o PSOE e UPRI un membro, seguindo unha regra de proporcionalidade.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase prestar aprobación á proposta da Alcaldía, adoptándose en materia de Comisións Informativas permanentes os acordos seguintes:

**1º. Comisións Informativas permanentes:**

- a) Facenda e Contas.
- b) Asuntos e Servizos Xerais
- c) Medio Rural, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- d) Turismo, Industria, Comercio e Emprego.
- b) Muller, Cultura, Educación, Xuventude, Deportes e Asuntos Sociais.
- c) Urbanismo e obras.

**2º. Composición das Comisións:** BNG, 2 membros, Partido Popular, 2 membros, PSG-PSOE 2 membros, UPRI 1 membro.

3º. Solicitar aos portavoces dos diferentes grupos para que mediante escrito dirixido a esta Alcaldía e no prazo de cinco días hábiles sinalen os Concelleiros que adscriben a cada unha das Comisións así como os seus suplentes.

4º. A Comisión informativa celebrará sesión ordinaria de xeito previo ás sesións da mesma natureza do Concello Pleno e coa anticipación regulamentariamente esixida; as sesións extraordinarias serán do mesmo xeito previas ás da mesma natureza do Concello Pleno ou cando sexan convocadas polo Alcalde-Presidente ou solicitadas pola cuarta parte dos membros da Corporación.”

## **2007/6/39.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Por parte da Alcaldía-Presidentencia dáse conta da proposta que se transcribe de seguido:

“Resultando, que por Resolución da Alcaldía de 19 de xuño de 2007 quedou fixada a composición da Xunta de Goberno Local,

Considerando, que o artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril modificado pola Lei 11/1999 establece a posibilidade de delegación de certas atribucións do Pleno a favor da Comisión Municipal de Goberno.

### **PROPOÑO:**

Que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- a) Aprobación/informe renovación Padrón Municipal de Habitantes.
- b) Emisión do informe municipal previsto no artigo 30 2 c) do RAMINP.
- c) Emisión do informe municipal, de ser preceptivo, para actuacións urbanísticas en Solo rústico (Lei 9/2002, de 30 de decembro).
- d) Declaracións de ruína non inminente segundo o artigo 201 da Lei do Solo de Galicia.
- e) Adquisicións de bens derivados de cesións urbanísticas, cando o seu valor exceda dos atribuídos como competencia da Alcaldía.
- f) Resolución de expedientes vinculados coas licencias municipais de auto-taxis: creación e amortización de prazas, concesión e revocación de licencias, autorización cambio de vehículos, autorización de prestación de servizo mediante asalariados, incoacción e resolución de expedientes sancionadores e todos aqueles derivados da Ordenanza Municipal do servizo e Regulamento Nacional.
- h) Asuntos derivados da Praza Municipal de Abastos conforme á Ordenanza reguladora.

O Pleno municipal, sen deliberación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- a) Aprobación/informe renovación Padrón Municipal de Habitantes.
- b) Emisión do informe municipal previsto no artigo 30 2 c) do RAMINP.
- c) Emisión do informe municipal, de ser preceptivo, para actuacións urbanísticas en Solo rústico (Lei 9/2002, de 30 de decembro).
- d) Declaracións de ruína non inminente segundo o artigo 201 da Lei do Solo de Galicia.
- e) Adquisicións de bens derivados de cesións urbanísticas, cando o seu valor exceda dos atribuídos como competencia da Alcaldía.
- f) Resolución de expedientes vinculados coas licencias municipais de auto-taxis: creación e amortización de prazas, concesión e revocación de licencias, autorización cambio de vehículos, autorización de prestación de servizo mediante asalariados, incoacción e resolución de expedientes sancionadores e todos aqueles derivados da Ordenanza Municipal do servizo e Regulamento Nacional.
- h) Asuntos derivados da Praza Municipal de Abastos conforme á Ordenanza reguladora.

## **2007/07/40.- PROPOSTA DE ADICACIÓN EXCLUSIVA DA ALCALDIA.**

Por parte do Sr. Alcalde cédese a palabra ao Sr. Concelleiro Delegado de Xuventude, Deportes e Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa que procede á lectura da Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e visto que aínda non existen formalizadas as Comisións Informativas que se someten a esta sesión e que o artigo 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico establece que en supostos de urxencia o Pleno pode adoptar acordos sobre asuntos non dictaminados pola correspondente Comisión Informativa, dando conta á primeira Comisión Informativa que se celebre, e apreciando a urxencia pola necesidade de garantir o exercicio dos cargos, de xeito inmediato,

Considerando, que é precisa para a adecuada xestión no Concello que o cargo de Alcalde se desenvolva baixo o réxime de dedicación exclusiva.

Considerando, que a dotación económica prevista no anterior mandato para o posto da Alcaldía era de 3.597,54 euros/mes e para o Primeiro Tenente de Alcalde de 1.965,85 euros/mes, e que a suma de ambos os dous salarios ascendía a 5.563,39 euros/mes, e que nesta Corporación plantéxase unicamente unha adicación exclusiva que abranguerá o contido das dúas responsabilidades, asignándose ao posto a metade da contía prevista para adicacións exclusivas no seo da Corporación.

Considerando, que é precisa para a adecuada xestión no Concello que o cargo de Alcalde se desenvolva baixo o réxime de dedicación exclusiva, resultando un total mensual de 2.781,65 €/mensuais brutos en 14 pagas o que da un total anual de 38.943,73 €.brutos, o que equivale a un importe líquido mensual de 2.081,54 euros.

Considerando que de conformidade co establecido no artigo 13.6 do ROF os cargos políticos con adicación exclusiva da Corporación non poden percibir indemnizacións por asistencia as reunións dos órganos colexiados de que forman parte,

### **PROPOÑO**

Que o Concello Pleno adopte os seguintes acordos:

1º. Establecer para a Alcaldía de Ribadeo o réxime de dedicación exclusiva, con efectos da data do Pleno (mércores día 27 de xuño de 2007) , fixándose como réxime retributivo da Alcaldía a percepción 2.781,65 €/brutos mensuais, en 14 pagas, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de presupostos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

3º. A dación de conta á primeira Comisión Informativa que se celebre, de conformidade co artigo 126.2 do ROF.”

Por parte do Sr.Castro Reigosa manifestase que quere facer un comentario e é que segundo resulta da proposta a contía a percibir polo actual Alcalde sería a resultante de dividir por dúas a suma das anteriores adicacións exclusivas do Alcalde e Primeiro Tenente de Alcalde da Corporación anterior e que entenden que este salario está por debaixo doutros Concellos de dimensións e xestións parecidas de toda a Comarca e do resto do país e no caso de Ribadeo tamén dada a dificultade que ten o Concello e os trámites , iniciativas e investimentos en marcha e pendentes de execucion; que en base a isto consideran que non se axusta á realidade do que sería un salario a medida do Alcalde deste Concello pero que tamén consideran que dende o punto de vista e atendendo á situación das arcas municipais deben

empezar pola adicación exclusiva nos recortes de gasto e que esta sería sen máis a proposta do Grupo de Goberno do BNG.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez portavoz do Grupo Municipal UPRI que manifesta que hai unhos antecedentes e que o 20 de outubro de 1999 aprobouse por primeira vez na historia a adicación exclusiva do Alcalde de Ribadeo e se aplicou a seguinte fórmula: trouxo certificación documental do cobro no posto de traballo e engadiuse unha cantidade mensual da media de asistencia a sesión dos dous últimos anos e tendo a maioría suficiente para ponerse naquel momento un soldo máis alto e non se fixo uso tampouco do preacordo existente na FEGAMP de cobrar unha peseta máis do funcionario de máis nivel do Concello , se ben é certo que aínda estaba pendente de ratificación; que nese intre séntase un precedente: o Alcalde vai cobrar documentadamente unhos 48.000 euros anuais, e no pasado mandato utilizouse a mesma fórmula para o Alcalde, cunha aportación documental do cobro no seu posto de traballo e ía cobrar 46.535 euros anuais segundo o seu soldo, pero non se sabe cal foi o que formulou o Primeiro Tenente de Alcalde ou polo menos na acta do Pleno de 2 de xullo de 2003 non se recolle, asínaselle unha cantidade de 25.425 euros anuais; que a situación que se plantexa na actualidade é dunha adicación exclusiva de 38.943,10 euros anuais sen máis explicación que a de que realmente se fai necesaria; que o cargo de Alcalde se desenvolvía co réxime de asignación de adicación exclusiva e de que no anterior mandato se cobraba entre as dúas e agora divídese por dous.

Prosegue manifestando que o Grupo UPRI ten que dicir que en primeiro lugar non está en contra de que o Alcalde de Ribadeo teña adicación exclusiva , é mais, creen que a ten que ter para atender como se merece aos veciños e veciñas ; en segundo lugar que non hai nada en contra do Sr.Alcalde que é o lexítimo gañador das pasadas eleccións, nin contra o seu Grupo pero que a UPRI está para aportar todo o que en boa lóxica se lle pida dende o equipo de Goberno para beneficio dos ribadenses e que ademáis o que é máis importante non queren que o Alcalde quede de vítima neste asunto como alguén poidera pensar por estar en minoría; e que tendo como antecedentes que os Alcaldes que anteriormente tiveron adicación exclusiva trouxeron acreditación documental dos seus salarios e incrementada coas asistencias a sesións e que aquí non obriga a vir a ninguén e que ninguén ven a lucrase; que considera que para sacar adiante o acordo o actual equipo de goberno precisa de maioría simple e que o máis lóxico sería que houbese unha negociación previa cos demais grupos antes de incluílo na Orde do día.

Fai tamén referencia o Sr.Rivas Alvarez ao discurso de investidura do Sr.Alcalde e de seguido formula a proposta de que o asunto quede sobre a mesa e que se trate na próxima sesión plenaria previa negociación cos restantes grupos políticos e que de non aprobarse esta primeira proposta se aprrobe que o Alcalde de Ribadeo teña adicación exclusiva segundo veu sucedendo nos dous últimos mandatos cobrando segundo acreditación documental do salario do seu posto de traballo incrementado co que resulte de asistencia a sesión; e que se o anterior non se acepta e sentíndoo moito o Grupo da UPRI terá que votar en contra da proposta da Alcaldía.

Por parte do Sr.Pérez Vacas, portavoz do Grupo Municipal Socialista manifestase que tamén él quere sentar as bases , como dixo o Sr.Concelleiro de Economía e que segundo a proposta da Alcaldía así figura a consignación presupostaria no vixente presuposto prorrogado, pero que é importante facerlle ver ao Sr.Alcalde que segundo as súas palabras no discurso de investidura se falaba de que as persoas e non os intereses económicos debían ocupar o centro da nosa vida social e política, e que vota en falta como manifestou o compañeiro da Corporación Sr.Rivas un pouco de diálogo por parte do Alcalde sobre este punto antes de vir a Pleno, a lo menos co portavoz do Partido Socialista para tratar de consensuar este punto.

Que vai repetir , e quere que conste en acta, que “estamos a favor como non podería ser doutro xeito da adicación exclusiva do Alcalde porque eu como Alcalde tiven esa adicación exclusiva, pero como tamén reza na toma de posesión miña e tamén no Pleno realizado naquela data, considerando- fala o acordo - que segundo se acredita na documentación adxunta o Alcalde viña percibindo no seu posto de traballo a cantidade de 45.623 euros , é

dicir que a partida que hoxe figura no presuposto é a que o Alcalde , eu, percibía na Entidade bancaria na que traballaba. Se a elo se lle suma o acordo político que vostede alcanzou co Partido Socialista claro que da esa cantidade e claro que partíndoa por dous é a cantidade que se reflicta e que ven na proposta da Alcaldía no Pleno do día de hoxe.”

Prosegue manifestando o Sr.Pérez Vacas que quixera manifestarlle ao Sr.Concelleiro de Economía que hai Concellos do mesmo rango ou superior nos que o Alcalde ten un salario inferior ao que se propon, non so neste mandato senon no anterior e que o exemplo é o de Viveiro; que o Grupo Socialista en principio apoiaría a proposta formulada polo Sr.Rivas Alvarez en canto a que se debe de dialogar e chegar a un acordo e que quere repetir que están pola adicación exclusiva do Alcalde de Ribadeo porque os asuntos o requiren pero que non entende porque o Alcalde utilizando criterios de xenerosidade, que non tivo no Pleno celebrado en xullo de 2004 coa aprobación do Convenio dos funcionarios, teña que dobrar o seu soldo como funcionario no concello de Vegadeo. Prosegue manifestando o Sr.Pérez Vacas que non foi así de xeneroso cos contratados laborais nin cos funcionarios para agora pasar do soldo que cobraba a 2.781 euros ao mes.

Que polo tanto o Grupo Municipal Socialista apoia a proposta do Sr.Rivas e senon votarán en contra de que o actual Alcalde de Ribadeo duplique o soldo que tiña no seu posto de traballo.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina como portavoz do Grupo Municipal Popular que manifesta que discrepan de todos os Grupos Políticos e que sendo profesor de matemáticas e sabendo de números non vai falar de números; que o de que o soldo sexa o que se gaña no seu posto de traballo máis ou menos ese é un criterio, que o criterio debe ser que traballe donde se traballe o soldo sexa máis ou menos o mesmo, e pon o exemplo o Sr.Rodríguez Andina de que chegara a Alcalde tanto unha persoa cun soldo de 600 euros como un Rexistrador da Propiedade , que reitera que é un criterio e non o criterio e que non van botar as contas.

Prosegue manifestando que a proposta non afecta ao funcionamento do Concello cobre un pouco mais ou menos o Alcalde e que incluso non terían problema en apoiar a proposta, pero que o Sr.Alcalde sabe que non va apoiala pola terceira ou cuarta razón a que xa se referiron os outros Grupos Políticos, que o Sr.Alcalde se pechou en banda, que se lle fixeron propostas de diálogo e non quixo chegar a acordos e o Concelleiro no uso da palabra intentouno reiteradamente e que ante a falta de diálogo non lle van sacar as castañas do lume ao Grupo do BNG e vanse abster respecto á súa proposta.

Volta a intervir o Sr.Concelleiro Delegado de Economía e Facenda don Vicente Castro Reigosa que agradece a intervención do Sr.Rodríguez Andina e dí irónicamente que lle roubou parte da réplica; manifesta que lle parece que utiliza o criterio correcto e que en ningún sitio pon o que ten que cobrar un Alcalde nin o de Ribadeo, e fai referencia a que debe valorarse a xestión e a adicación, e que para unha poboación como Ribadeo a piques de superar os 10.000 habitantes debería ser aínda superior á que se propón, pero que non se trata de cantidades e fai referencia a que na proposta tanto do UPRI como do PSOE se fixo referencia ao lucro, ao interese económico e parece que hai consenso nalgúns grupos da oposición e que considera que o soldo proposto para un Concello como o de Ribadeo non pode considerarse que sexa para lucrarse e que os cobra calquera directivo de calquera empresa mediana ou pequena; fai de seguido referencia ao dito polo Sr.Rodríguez Andina da adaptación do salario ao posto anterior e pon o exemplo dun autónomo que accedera á Alcaldía ou se fora un profesional de alto nivel e houbera que pagar o seu salario de orixe. Que en relación ao que se referiron os tres grupos da falta de diálogo, ten que dicir que houbo diálogo e houbo unha proposta que se pasou a todos os Grupos e que non lle parece de recibo que a proposta se faga unha vez convocado o Pleno, e que se se da a resposta unha vez convocado o Pleno que lle digan como se pode facer e que van manter a súa proposta.

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo da UPRI volta a intervir facendo referencia ao afirmado polo Concelleiro Sr.Castro Reigosa respecto a unha proposta que se pasou aos Grupos sinalando que a única proposta foi a que se incluíu na Orde do día do Pleno e que non houbo ningunha outra proposta que coñeza. Que respecto á pregunta de canto debe cobrar un Alcalde efectivamente hai directivos nas empresas que gañan ata dous millóns de pesetas mensuais

pero porque o merecen e poden entrar no que merece o Alcalde de Ribadeo, e fai referencia ao cumprimento dos programas electorais do mandato anterior, e respecto ao que trouxo para Ribadeo, e o que xestionou e que considera que non se chegou nin a un dez por cento de cumprimento do programa e que considera que a rendabilidade non é moita, establecendo unha relación entre os investimentos obtidos e o soldo, e refírese igualmente a que houbo persoas como o Concelleiro que está a falar que durante o seu período de goberno sen ter adicación exclusiva trouxeron investimentos para Ribadeo e que facían o traballo no seu posto de traballo e atendían ao Concello; que considera, polo tanto, que non hai criterio nin norma senon unhas antecedentes do que se viña facendo e que se pode cambiar pero que tendo a minoría que teñen no goberno polo menos teñen que consensualo co resto dos grupos políticos e consideran que do mesmo xeito que no punto anterior hai falta de diálogo e reitera a súa proposta e que se non se acepta votarán en contra.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista a súa vez volta a intervir sinalando que considera prioritario que se houbera consensuado previamente e que a única proposta foi a que figura na Orde do día e que lle comunicou brevemente polo Alcalde nun momento e que era o que tiña previsto facer coa partida presupostaria pero que se se está recorrendo permanentemente á palabra diálogo, pois están para dialogar e consensuar e reitera en relación a sí mesmo que cando era Alcalde cobraba o que cobraba no seu posto de traballo e entende que se un autónomo chega a Alcalde terá que ter a suficiente capacidade de diálogo chegando a un acordo co resto das forzas políticas para fixar un soldo que se considere axeitado por toda a Corporación para levar adiante a súa función de Alcalde de Ribadeo. Manifesta tamén o Sr. Pérez Vacas que quere insistir en que o Alcalde de Viveiro cobraba menos desa cantidade xa no mandato anterior e que todo eso da xestión e adicación é como o valor, que se supón.

O Sr. Rodríguez Andina, efectúa unha nova intervención dirixida ao Sr. D. Vicente Castro Reigosa, respecto á manifestación deste de que se alegraba da intervención anterior do Sr. Rodríguez Andina e lle quere dicir que no que discrepan é na clave do asunto e que discrepan absolutamente no do diálogo, xa que dialogar non é dicir que hai ahí unha proposta e xa está. Sinala o Sr. Rodríguez Andina que houbo unha proposta, e supón comunicación entre os membros do BNG, clara á Alcaldía e que non era unha cuestión da contía do salario e dixo dende un primeiro momento que no ía entrar neso senon de que se facía para que funcionara o Concello e que a cuestión non se corruxía corruxindo este punto, pero igual era corruxindo o primeiro punto da sesión e non este e que xa o sinalou e non se lle fixo caso e non o dicía so polo Grupo Municipal Popular que non era o único que dicía iso senon que había máis grupos. Reitera o Sr. Rodríguez Andina que non se lle fixo caso e que o Grupo do BNG ten que aprender dende o primeiro día que son 4 e o Concello o constitúen 13 concelleiros e non queda máis remedio que atender ás cousas que se falan e se tratara de disparates o podía entender pero sen que o Grupo Popular plantexara disparate algún o BNG decidiuse a levar o asunto a sesión pasara o que pasara, e o Concelleiro que está a intervir xa llo dixo e reitera que o Grupo Popular vaise abster.

O Sr. Castro Reigosa, do Grupo Municipal do BNG sinala que vai facer unha pequena intervención e dí que respecto o que dixo o Sr. Rivas Alvarez do que trouxo para Ribadeo o actual Alcalde, decidírono os ribadenses, quen votaron e decidiron quen merecía ser. Que en canto ó Sr. Pérez Vacas só se acorda de mencionar un caso como o Alcalde de Viveiro e lle pregunta porque non se acorda de mencionar outro como Foz, que non cobra precisamente o que cobraba no seu posto de traballo; que tampouco se meteu co que cobraban os anteriores Alcaldes do Concello e que o BNG no seu momento adoptou unha postura e non a volveu a someter a debate no tema do salario dos Alcaldes nin do PSOE, nin do PP e parece ser que como no mandato anterior o debate deste vai ser o do salario do Alcalde que foi o do salario do Tenente de Alcalde na anterior e que se entenden que ese é o roteiro a seguir, é unha primeira censura ao goberno entrante e tomarán nota delo e actuarán en función das ocasións.

Que en canto ao Sr.Rodríguez Andina sabe perfectamente que houbo unha proposta e concreta e que chegaron outras propostas e foi antes de convocar o Pleno e logo chegaron outras propostas unha vez convocado o Pleno.

Volta a intervir o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que dí que ou está descolocado ou a él non lle chegou ningunha outra proposta que a do Pleno e pregunta se se lle fixo unha proposta distinta aos outros Grupos. Sinala que dí o que dí en función da documentación que ten e reitera que o seu Grupo pide que quede sobre a mesa e que haxa un diálogo co resto de grupos políticos e que senon votarán en contra porque tamén os veciños decidiron que o BNG tivera 4 Concelleiros e que lle gustaría que lle houbesen respotado cunhas cifras, pero eso o deixa para máis adiante , e que o Grupo de UPRI segue aberto ao diálogo con todos como fixo coa súa proposta de aportar traballo e o que se lle pida para beneficio de todos os ribadenses e que están dispostos a traballar nese senso e nada máis, e que pola súa parte o asunto está dabondo debatido.

O Sr.Rodríguez Andina, voceiro do Grupo Municipal Popular volta a intervir e dí dirixíndose ao Sr.Alcalde que en primeiro lugar que o que non vale é leer o resultado das eleccións segundo lle sona a cada un , e que o Grupo do BNG ten catro concelleiros e cen votos máis que o Partido Popular , e dí o Sr.Castro Reigosa que ese é un mandato popular para que o Sr.Suarez Barcia sexa Alcalde pero fai catro anos tiñan seis concelleiros e moitísimos máis votos que o BNG , e gobernou o Sr.Pérez Vacas co apoio do BNG e lles pide que lean os resultados electorais sempre igual , porque senon se acaban despistando xa que cando lles convén resulta que está moi ben que governe a lista máis votada , e cando lles toca aos demais vale calquera outra cousa. Que en segundo lugar o Sr.Alcalde dixo que ista ía ser unha mesa de diálogo , de opinión e de toma de resolucións, e resulta que o Concelleiro de Facenda dí que como a proposta se deu e xa estaba convocado o Pleno, teñen que dicir sí á proposta ou non teñen nada que facer e iso non e un Pleno, é o Pleno municipal que entende o Concelleiro delegado de Facenda, e aquí se ven, e se debate e se hai que modificar unha proposta se modifica e senon cada un di o seu discurso e cada un vota , e o goberno non vai mover un dedo porque como xa estaba convocado o Pleno e pregunta que é isto, xa que un Pleno municipal non é así, e que o sinte moito

Volta a intervir o Sr.Castro Reigosa que dí que non dixo que os ribadenses votaran ao Alcalde senon que foi a lista máis votada, e os demais tiveron a posibilidade de elixir un Alcalde , a mesma posibilidade ; que non lle constestou o Sr. Rodríguez Andina senon ó Sr.Rivas Alvarez sobre o seu comentario respecto á aportación ó Concello do Sr.Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que considera que o asunto está debatido e que cedeu a defensa desta proposta ó Sr. Castro Reigosa e que nada mais vai aportar , e que simplemente un detalle , é Alcalde por mandato popular neste momento, e non sabe si no futuro ou non sabe durante canto tempo , que conta de maneira franca con selo durante catro anos, e que ninguén teña dubida , e que tamen é Alcalde para o bo e o malo, para resolver os asuntos que lle deixaron, algúns con poucas solución, e para facer cousas boas para Ribadeo, coa mesma responsabilidade que tiveron Alcaldes anteriores e gañando un salario sensiblemente inferior, que aquí se propón. Polo tanto non debe asustar a ninguén que a proposta fose inferior á que había , á media, que foi un criterio como se dixo aquí, efectivamente , e outro podía ser unha peseta máis que o funcionario que máis cobrara e podía ser o triple do que aquí se presenta, e outro podía ser unha peseta máis que o que menos cobrara e sería o triple por debaixo, e que cree que o Alcalde de Ribadeo no ano 2007 non ten porque cobrar menos que o Alcalde de Ribadeo no ano 1999 e así ía ser e tamén que cobre menos que o Alcalde de Ribadeo no ano 2003 e así se pretende que sexa; e que entón xa sabe que se lle pode acusar de falta de diálogo , pero moitas veces e o dí sen mirar a ninguén que aquí todos se coñecen , polo menos os portavoces, dous non dialogan se un non quere e que polo tanto a proposta vai ser neste sentido. Que segundo se lle dí por Secretaría ten que votarse en primeiro lugar a proposta de que quede sobre a mesa.

Toda vez que pasada a votación a proposta formulada polo Sr.Rivas Alvarez de que quede sobre a mesa, de conformidade co disposto no artigo 92.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, obtén 9 votos a favor (dos Grupos Municipais do PP, PSOE e UPRI) e catro en contra (dos membro do Grupo do BNG), aprobándose polo tanto a mesma , o Sr.Alcalde sinala que non procede votar a proposta de acordo e non se pode entrar no fondo, quedando polo tanto o asunto aprazado para a súa discusión na seguinte sesión, conforme ao disposto no referido artigo 92.

**2007/08/41.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS OU COMPENSACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN DERIVADOS DO EXERCICIO DO CARGO.**

Dáse lectura pola Alcaldía á proposta que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía propónse a fixación do réxime xeral de indemnizacións derivadas de Comisións de Servizo, para os membros da Corporación, do mesmo xeito que para o persoal funcionario do Concello de maior nivel, establecéndose polo tanto:

1. As axudas de custo a percibir serán as correspondentes ó Grupo 1 de conformidade co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio sobre indemnizacións por razóns do servizo para o persoal da Administración Pública, revisado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 1 de decembro de 2005 (BOE nº 279 de 3 de decembro de 2005) e que son as seguintes:

Aloxamento	102,56 €
Manutención	53,34 € (dúas comidas) 26,67 € (unha comida)
Axuda de custo enteira	155,90 €

As contías referidas serán actualizadas do mesmo xeito que se estableza para o persoal funcionario pola correspondente normativa estatal ou autonómica de desenvolvemento, de xeito automático.

Se como consecuencia dunha Comisión de Servizo se superaran estas contías deberá aportarse xustificación documental do gasto coa factura correspondente ó aloxamento ou manutención realmente producido.

2. O quilometraxe será igualmente o establecido para o persoal funcionario sendo na data deste acordo de 0,19 €/quilómetro e será actualizado igualmente segundo dispoña a normativa xeral de aplicación.

De conformidade co disposto nos artigos 20 e 21 do antecitado RD 462/2002, revisado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 1 de decembro de 2005 (BOE nº 279 de 3 de decembro de 2005) establécese a percepción de desprazamento dentro do termo municipal por razón do servizo igualmente a 0,19 €/quilómetro, e a este efecto será dabondo unha declaración asinada polo membro da Corporación expresiva das datas e desprazamentos efectuados.”

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase a aprobación da proposta nos propios termos da mesma.

**2007/09/42.- PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE O RÉXIME DE INDEMNIZACIONES POR ASISTENCIA A SESIÓNS E OUTRAS REUNIÓN DE ORGANOS COLEXIADOS.**

Pola Alcaldía dáse lectura á proposta que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 13.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, e 75.2.3. da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

A fixación das indemnizacións por asistencia a órganos colexiados polas contías seguintes:

Sesións plenarias, 60,00 euros.

Sesións de Comisións Informativas: 40,00 euros.

Sesións da Xunta de Goberno Local, 60,00 euros.

Reunións da Xunta de Portavoces, 40,00 euros.

Outros órganos colexiados locais , 40,00 euros.”

Por parte do Sr.Alcalde explícase que facía dez anos que non se actualizaba e explica as diferencias entre as contías anteriores e as que se propoñen.

Polo Pleno municipal por nove votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PSOE e UPRI) e catro abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PP),acórdase a aprobación da proposta formulada pola Alcaldía nos seus propios termos.

O Sr.Alcalde dí que sobre este asunto tamén deu conta a todos os Grupos da Corporación e non sabe se fai falta un documento notarial e que creu que por asentimiento todo o mundo entendeu o mesmo.

#### **2007/10/43.-DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOUTROS ORGANISMOS.**

Pola Alcaldía dáse lectura á proposta que se transcribe de seguido:

“Unha vez constituída a nova Corporación Municipal o pasado día 16 de xuño de 2007 procede a designación de representantes municipais en diferentes organismos,polo que

#### **PROPOÑO:**

1º. Que o Concello Pleno adopte o acordo de manter ou designar de novo ós correspondentes representantes municipais nos Centros que se reseñarán de seguido, de acordo co artigo 126 da LODE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación- BOE nº106 de 4 de maio de 2006)

- a) Colexio Público Gregorio Sanz
- b) I.E.S.Porta da Auga
- c) I.E.S. Dionisio Gamallo Fierros.
- d) Escola de Idiomas.

2º. Que o Concello Pleno designe un representante na Comisión de Escolarización a que se refire o Decreto 30/2007, de 15 de marzo reguladora da admisión do alumnado en Centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.

3º. Que a Corporación acorde en unidade de acto a designación de cargos referida.

4º Que de conformidade co previsto no artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local o Alcalde - Presidente do Concello representará a este, en exercicio das súas atribucións, sen prexuízo da delegación específica ou da súa substitución cando proceda polos Tenentes de Alcalde.”

Polo Pleno municipal, previa deliberación, na que os diferentes Grupos propoñen aos membros dos mesmos para os diferentes Centros, se ben polo Sr.Rivas Alvarez faise a salvedade de que considera que no IES Porta da Auga hai realmente dous Centros docentes, con dous claustros, aínda que existe un solo Consello neste momento, polo que o Pleno Municipal, por asentimento non elixe máis que un representante neste momento, quedando aprobada a representación municipal tal e como se sinala:

- a) Colexio Público Gregorio Sanz, Dona María José Rodríguez Arca (PSOE)
- b) I.E.S.Porta da Auga , Dona Begoña Sanjurjo Santar (PP)
- c) I.E.S. Dionisio Gamallo Fierros, Don Vicente Castro Reigosa (BNG)
- d) Escola de Idiomas, D. Francisco Rivas Alvarez (UPRI).

Igualmente, por unanimidade, acórdase que o Alcalde como titular e dona Begoña Sanjurjo Santar como suplente sexan os representantes na Comisión de Escolarización a que se refire o Decreto 30/2007, de 15 de marzo regulador da admisión do alumnado en Centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, e tamén se acorda que o Sr.Alcalde - Presidente represente ao Concello de conformidade co previsto no artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local en exercicio das súas atribucións, sen prexuízo da delegación específica ou da súa substitución cando proceda polos Tenentes de Alcalde, no non previsto no acordo plenario adoptado.

Sendo as vinteunha horas e sen máis asuntos que tratar, previo agradecemento por parte do Sr.Alcalde aos asistentes, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que eu Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

